
COMPOSTELA

Texto e ilustracións de DAVID PINTOR

Encadernado en cartón. 24,5 x 16,5 cm. 68 páx. 15 €.


ISBN 978-84-8464-751-5. Viaxes - Cidades.

...Tome o tempo que precise, vaia na procura do momento en que non teña nada que facer nin nada polo que preocuparse. Saia da casa, achéguese a esa acolledora cafetería que tanto lle gusta. Pida un café ben quente, e mentres agarda a que llo sirvan, mire a través da ventá a fermosa paisaxe que se amosa...

David Pintor comparte neste caderno de viaxe a súa visión máis persoal dunha das cidades históricas máis fermosas, acolledoras e entrañables, xa non só de Galicia ou de España, senón quizais do mundo enteiro. Coas súas peculiaridades, cos seus contrastes, coas súas sorpresas. Unha bici como medio de locomoción, unha libreta e un rotulador como medio de expresión, e un bo café como incentivo para cada paseo, son os fíos condutores deste libro de artista.

A través das súas páxinas, con máis de 30 ilustracións, percorremos a xeografía da cidade: dende os seus edificios máis antigos ata os máis modernos; prazas, rúas e espazos naturais; recunchos singulares e de visita obrigada... nos que abundan os elementos imaxinarios.

Sentimos o paso lento do tempo, as nubes, a chuvia e o sol. E así, os trazos e as cores deste caderno son unha invitación a ver a cidade con outros ollos; ou a coñecer Compostela, a lembrala e, por suposto, a volver.



-
- **Temática:** caderno de viaxe, libro de artista con máis de 30 ilustracións.
 - **Idade recomendada:** todos os públicos.
 - **Aspectos destacables:** percorrido visual por distintos espazos da cidade de Santiago de Compostela, con elementos imaxinarios; historia, turismo, cultura; contén láminas extra; do autor dos cadernos de viaxe “Lisboa” e “Barcelona”, e das ilustracións de “Brinca Vai!”, “Almanaque musical”, “Nicomedes o pelado”, e “Contos para nenos que dormen deseguida”.
 - **Relación de espazos ilustrados:** Praza do Obradoiro - Cafetería do Hostel dos Reis Católicos - Arco de Xelmírez - Catedral de Santiago - Capela da Orde Terceira de San Francisco - Facultade de Xornalismo - Avenida Xoan XXIII - Xardín do Hotel Costa Vella - Rúa das Campás de San Xoán - Rúa Xerusalem - Praza da Quintana - Cafetería Literarios - Praza Irmáns Gómez - Centro Galego de Arte Contemporánea - Parque de Bonaval - Praza da Fonte Seca - Praza da Universidade - Praza de Mazarelos - Arco de Mazarelos - Cafetería Derby - Rúa Nova - Rúa do Vilar - Ruela Entrerrúas - Travesía do Franco - Porta Faxeira - Alameda.

David Pintor

(A Coruña, 1975)

Humorista gráfico do dúo Pinto&Chinto, ilustrador e pintor. Recibiu, entre outros, os premios Andersen 2015 (Italia) e Nami Island 2013 (Corea), o premio da Society of News Design, o Pura e Dora Vázquez de ilustración, o Premio Internacional Clermont-Ferrand de cadernos de viaxe, o Premio Ilustrador do Ano Città do Sol e o 2º Premio da Feira do Libro de Sharjah (Dubai) polas ilustracións de “Almanaque musical”. Ademais, foi finalista dos CJ Picture Book Awards (2011) e incluído na lista The White Ravens (2009, 2011 e 2014). A súa obra foi seleccionada en varias edicións da Bienal de Ilustración de Bratislava e da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña.

<http://www.davidpintor.com>

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
